

## SOCIAIS 5º B

### Tema 4: A POBOACIÓN DE ESPAÑA E DE EUROPA

Nesta segunda clase imos seguir revisando os conceptos relacionados co tema e tamén imos facer as correccións da actividade da páxina 69.

Comezaremos co repaso dalgúns termos que nos interesa da poboación, o **TRABALLO**.

Como xa vimos, falamos de dous grupos:


#### 1. Poboación activa:

- a) *Ocupados*: traballan e cobran un diñeiro por iso.
- b) *En paro*: está en busca de emprego

#### 2. Poboación non activa:

- a) *Xubilados*.
- b) *Nenos e estudantes*.
- c) *Am@s de casa*.

Dentro do sector activo, estes traballadores prestan unha serie de sectores que clasificamos segundo os servizos.



Agora que xa temos a parte de contidos para traballar, imos a ver eses cálculos de poboación.

Actividade 6 da páxina 69

Xa sabemos os resultados do **país A**, que ten unha densidade de poboación de **101,85 hab/km<sup>2</sup>**

Agora imos á **país B**

Poboación de 5.000 habitantes

Superficie de 100 km<sup>2</sup>

Crecedemento natural= 10 nacementos – 15 mortes = -5 habitantes  
(temos un crecedemento natural negativo)

Saldo migratorio = 7 inmigrantes – 18 emigrantes = -11 habitantes

Crecedemento real = -5 – 11 = - 16 habitantes

Nº total = 5.000 – 16 = 4.984 habitantes

Neste caso facemos unha resta porque estamos nun saldo migratorio negativo.

Densidade de poboación = 4.984 : 100 = **49,84 hab/km<sup>2</sup>**

**País C**

Poboación = 8.000 habitantes

Superficie = 50 Km<sup>2</sup>

Crecedemento natural = 80 nacementos – 12 mortes = 68 habitantes

Saldo migratorio = 200 inmigrantes – 5 emigrantes = 195 habitantes

Crecedemento real = 68 + 195 = 263 habitantes

Nº total = 8.000 + 263 = 8.263 habitantes

Densidade de poboación = 8.263 : 50 = **165,26 hab/Km<sup>2</sup>**

Trata sempre de ir facendo as actividades sen esperar a ver as respostas. Se non che saíron á primeira non te preocupes, revisa os cálculos correctos e volve a facer a tarefa pero sen mirar. Seguro que che sae, ánimo!

Como xa puides ver no inicio do post, así como neste documento, tamén che incluío uns vídeos onde podes reforzar os conceptos de densidade de poboación e lembrar como analizar as gráficas de poboación (cousa que seguiremos a traballar).

Enlaces de sociais para que poidas repasar o tema:

- a) Poboación en España (1ª parte) :  
<https://www.youtube.com/watch?v=4NdMAONzJ10>
- b) Poboación en España (2ª parte)  
<https://www.youtube.com/watch?v=Jx0KxcWpO6M>

Actividades propostas:

1. Realiza un esquema dos contidos tratados ata o momento, tanto o do repaso de onte coma o de hoxe.
2. Remata as tarefas que indicamos onte de densidade de poboación e revisa as solucións das que che envío hoxe e repite a tarefa se é preciso.
3. Completa as seguintes frases coas palabras adecuadas:
  - A..... é a ciencia que estuda as características da poboación.
  - A..... é o número de habitantes que viven nun km<sup>2</sup> de superficie.
  - O crecemento..... é a diferenza entre a natalidade e a mortalidade.
  - O..... é a diferenza entre o número de inmigrantes e de emigrantes.
  - A poboación..... está formada pola poboación ocupada e en paro.